Trasalba 13-IX-1969 Sr. D. Antº Fráguas

Santiago de Compostela

Meu querido amigo e compañeiro: Graciñas. Chegóume sua agarimosa carta reexpidida de Santander. Alí pasei o meu Santo. Foron dias moi atafegados cun viaxe a S. Sebastián, onde Pires de Lima dia unha conferencia, e outras viaxes. Tamén aquí o millo chegou ó setembre asapeado. É unha fonda tristura de louxe pensaba nas probes herdades onde "canta o ~~arfalo~~ asado e o millo está como se di aquí "cas maus desfeitos"! Gracias a o traballo da xente da casa que ainda aproveita a auga con inxenio e rega. Eu trogues hai froita, mais do que se pensaba e as uvas semellan levar moi boa guia

Isto está tristeiro. E os que volven de Alemaña, aunque traian cartiños non aletan a terra. Debe pasalo ben mal. Dormindo amoreados e comendo repugallos. Un que gaña 680 ou 700 marcos si vae a manxar a 5 marcos polo menos, pouco aforra. Non probe chisco de viño e algus, aquí visos de 900 mil ou mais

Xa en terras andan arredor dos cuarteles dos ingleses pra gañar algo carregándolles as basuras..

Un novo feito xeográfico en Vizcaya e Guipúzcoa: o mesto e crecedeiro minamento dos pinos "insignis" que xa fan o marco uni-
me dos horizontes

Eiquí os Santos pasaron de largo, nin Sta Mariña ca pucharquiña, nin S. Ramón co seu porrón. Onte e nantronte choveu ben; pro poido aproveitá as herbas. A ver si se refresca o bico das vacolas. Animounse a ir o Carballiño. Por mais que xa lles fica pouco tempo.

Saúdos de Gita pra Vdes e os meus, ben aferroados pra Teresa -6.11.71-, con apertas pra Vde do vello e decimonónico com-
pañeiro que moito lle quer,

Ramón Otero Pedrayo